

BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL, A CONTRATAR AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

1ª.- Introducción.

No BOP nº. 75, do día 21/04/16 publicáronse as bases reguladoras deste programa, que ten como finalidade conceder aos concellos subvencións dirixidas a financiar accións de fomento do emprego para a execución das súas competencias en materia de servizos municipais mínimos, que son os servizos comunitarios básicos previstos na nova redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local ao artigo 26 da lei 7/1985 de bases de réxime local.

Este Concello figura incluído cunha achega de 40.000,00 €, concedida por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña tomado en sesión celebrada o día 17 de xuño de 2016 e publicado no BOP nº. 118 do día 22/06/2016, comprendendo dito importe os custos salariais, de seguridade social e os derivados das indemnizacións de fin de contrato.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 18/05/16, coñeceu da documentación confeccionada en cumprimento do acordo do mesmo órgano municipal, tomado en sesión do día 09/05/16 e aprobou a memoria xeral descritiva dos servizos mínimos municipais obxecto do Programa, na que se contempla a execución das obras de conservación das rúas, estradas, camiños e demais vías de comunicación de competencia municipal, así como as de acondicionamento e reparación dos parques e espazos públicos.

Para o desenvolvemento das actuacións incluídas na memoria, considerouse necesaria a contratación por un período de 4 meses, mediante contrato laboral a tempo parcial coas cláusulas específicas do contrato temporal de traballos de interese social e cunha xornada de 25 horas semanais, do seguinte persoal:

- 3 Albaneis Oficiais de 1ª.
- 8 Peóns.

Dado que este Concello carece de convenio colectivo de aplicación, para a determinación das retribucións, estableceuse a seguinte táboa, referidas a salario bruto mensual a xornada completa e dúas pagas extras de igual contía:

OCUPACIÓN	Categoría	Grupo	CNAE	Salario/mes	P.P.P.E	Total
Albanel	Oficial 1ª	8	84.d	940,00 €	156,67 €	1.096,67 €
Peón	Peón	10	84.d	890,00 €	148,33 €	1.038,33 €

2ª.- Obxecto da convocatoria.

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal a tempo parcial (62,5% da xornada), por un período de 4 meses, de 11 persoas desempregadas en situación de exclusión social, para a realización do Programa de Integración Laboral mediante a realización de Obras e Servizos Mínimos Municipais, subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de Integración Laboral segundo as bases publicadas no BOP número 75, de data 21 de abril de 2016.

Consonte coa memoria xeral descritiva dos servizos mínimos municipais obxecto do Programa, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18/05/16, na

que se inclúe a execución das obras de conservación das rúas, estradas, camiños e demais vías de comunicación de competencia municipal, así como as de acondicionamento e reparación dos parques e espazos públicos, execución das obras de conservación das rúas, estradas, camiños e demais vías de comunicación de competencia municipal, así como as de acondicionamento e reparación dos parques e espazos públicos, comprendendo, entre outras a realización das seguintes tarefas:

- Apoio ós servizos de limpeza das vías municipais (calzada, beiravías, cunetas, beirarrúas, canos, arquetas, sumidoiros e demais elementos integrantes das vías), incluso da sinalización vertical, horizontal con pintado ou repintado si é preciso, balizas e elementos de seguridade.
- Apoio ás tarefas de reparación e reconstrución puntual de beirarrúas, beiravías, cunetas, obras de fábrica, muros, incluso suxeición e reparación de elementos da iluminación pública, reparación e colocación de sinalización vertical, balizas, varandas e outros elementos de información e seguridade.
- Apoio ás tarefas de construción o reconstrución de cunetas, reposición de accesos a fincas, canalizacións da recollida de augas e pequenas obras de fábrica.
- Apoio nos traballos de retirada da vexetación das vías públicas municipais, incluso a poda de ramas e corta de arbustos que invadan as mesmas.
- Eliminación de fochancas e reparacións sinxelas do firme das vías municipais.
- Tarefas de reparación dos parques e zonas verdes.

3ª.- Tipo de contrato, duración e retribucións.

3.a).- Tipo de contrato.-

A contratación será laboral e utilizarase a modalidade de contrato de traballo temporal a tempo parcial (62,50% da xornada) coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

3.b).- Duración.-

As contratacións terán unha duración de 4 meses.

3.c).- Retribucións.-

As retribucións mensuais a percibir por cada un dos traballadores serán as que se indican no seguinte cadro:

Categoría Prof.	Grupo Cot. SS	Salario bruto	P.P.pagas extras	Salario bruto mensual
Albanel Of. 1ª.	8	587,50 €	97,92 €	685,42 €
Peón	10	556,25 €	92,71 €	648,96 €

4ª.- Requisitos das persoas aspirantes.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a estas contratacións os seguintes:

- 1.- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 2.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- 3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4.- Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.

5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidades, de conformidade có disposto na la Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6.- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

5ª.- Destinatarios.

Consonte co previsto na Base 3 do Programa de Integración Laboral aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, as persoas a contratar no programa deberán estar incluídas nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polo concello no proceso de selección das persoas para contratar.
- Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Parados de longa duración. Para os efectos deste programa consideraranse como parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.
- Persoas vítimas de violencia de xénero

As persoas para contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán acreditar os concellos con carácter previo á contratación.

Todas a persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que se deberá acreditar no momento da solicitude e antes da súa contratación laboral.

6ª.- Presentación de solicitudes.

As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, dirixiranse ao Sr. Alcalde Presidente de la Corporación, segundo o modelo normalizado que se une ás presentes basees e presentaranse, en horario de 9,00 a 14,00 horas, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 05 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación da convocatoria nun periódico dos de maior tirada na zona.

Igualmente poderanse presentar as solicitudes de conformidade co establecido no artigo 38.4 b) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, confeccionarase a lista de aspirantes admitidos e excluídos, determinándose na publicidade da mesma o lugar e data de comezo das probas de selección.

Dito anuncio e os restantes derivados deste proceso de selección publicaranse no taboleiro de edictos da Casa do Concello, sen prexuízo, no seu caso, da súa difusión por outros medios, como a páxina web do Concello: www.neda.es.

No caso de que se presente a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Concello de Neda, as persoas interesadas remitirán por fax unha copia da instancia ao número 981 385600 ou ben ao enderezo electrónico concello@neda.es, dentro das vinte e catro horas seguintes ao día da súa presentación e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias. Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a solicitude.

Á instancia unirase, necesariamente:

- Copia do DNI.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data do inicio e do remate da contratación, así como a categoría profesional (informe da vida laboral e copia dos contratos de traballo). O mesmo no referido á formación que se achegue.
- Xustificación documental na que quede debidamente acreditado estar incluído nalgún dos apartados da base 5ª -Destinatarios.
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.

7ª.- Procedemento de selección.

As persoas admitidas serán convocadas polo Concello para que comparezan ante o órgano seleccionador.

Aos efectos de determinación das circunstancias de cada unha das persoas que sexan convocadas o órgano seleccionador manterá unha entrevista individual con cada unha delas e aplicará o baremo previsto na base seguinte.

Soamente avaliaranse aquelas situacións que, a xuízo do órgano seleccionador, queden debidamente acreditadas.

O órgano de selección poderá establecer o desenvolvemento de proba ou probas específicas, prácticas ou teóricas, propias das funcións correspondentes aos postos de traballo a ocupar así como de coñecemento do Concello de Neda: toponimia, rúas, vías de comunicación, edificios públicos e lugares de interese. De establecerse tal ou tales probas, estas terán carácter obrigatorias e eliminatorias para tódalas persoas aspirantes, avaliarase cada una de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superala.

8ª.- Valoracións.

Experiencia profesional (Ata un máximo de 2 puntos)

Por cada mes traballado na Administración pública ou empresa privada a xornada completa, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,1 puntos por mes, ata un máximo de 2 puntos.

A experiencia laboral para ser valorada deberá estar debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo, e indicará de xeito claro o seu inicio e terminación así como a categoría profesional pola que fora contratado, non valorándose aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente. Acompañarase do informe de vida laboral.

Formación (Ata un máximo de 2 puntos)

1.- Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, e con acabado favorable: valorarase de 1 a 2 puntos, tendo en conta o número de horas e o contido do propio programa en relación ás tarefas a desenvolver no posto ofertado.

2.- Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo a desenvolver, realizado por calquera organismo oficialmente homologado:

Cursos de máis de 300 horas: 1,5 puntos

Cursos entre 100 e 299 horas: 0,70 puntos.

Cursos entre 50 e 99 horas: 0,35 puntos.

Cursos entre 20 e 49 horas: 0,15 puntos.

Cursos de 10 a 19 horas: 0,05 puntos.

Aqueles cursos que non acrediten unha duración mínima de 10 horas descartaranse da puntuación. A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado de formación é de 2 puntos.

Permiso de condución.-

Valorarase cun punto de estar en posesión do permiso de condución clase B.

Circunstancias socioeconómicas:

Teranse en conta as seguintes circunstancias que serán valoradas ata un máximo de 3 puntos:

-Presenza de menores.

-Insuficiencia de ingresos familiares (menos de 300,00 €/mes de renda per cápita)

-Desemprego das persoas que forman a unidade familiar.

-Situación de paro de longa duración (máis de 24 meses) ou con empregos precarios.

-Situación de especial risco de exclusión.

-Presenza de persoas con discapacidade, oficialmente recoñecida mediante certificación da Comunidade Autónoma.

-Vítimas de violencia de xénero acreditada.

Os candidatos que non pertencen ao Concello presentaran necesariamente informe dos servizos sociais dos seus respectivos concellos, nos que se reflectiran os referidos os indicadores, noutro caso non se valorarán estas circunstancias.

9ª.- Órgano seleccionador.

Para a selección do persoal que participará neste programa constituirase un órgano de selección actuando tódolos seus compoñentes con voz e voto. Estará integrado polas seguintes persoas, podendo ser substituídas nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, por calquera outro funcionario ou persoal laboral fixo do cadro de persoal do concello:

Presidente: Alejandro R. Antelo Martínez.

Secretario: Santiago C. Baamonde Leal.

Vogais: Ana María Prieto Martínez.

María de los Ángeles Dobarro Calvo.

Samuel Martínez González.

Para a válida actuación do órgano de selección será precisa a presenza da maioría dos seus membros. O Tribunal está facultado para interpretar as presentes bases, resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa marcha das probas, en todo o non previsto nas mesmas.

O Órgano seleccionador poderá nomear asesores especialistas na materia.

Aboaranse ás persoas integrantes do órgano seleccionador e no seu caso ós asesores designados polo mesmo, as asistencias efectivas ás sesións de avaliación ou probas específicas do indicado órgano, nas contías establecidas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

10ª.- Remate do proceso selectivo e proposta de candidatos/as.

Rematada a selección publicarase no taboleiro de anuncios do Concello unha lista por orde decrecente das puntuacións acadadas polas persoas participantes no proceso, formulándose polo órgano de selección proposta de contratación a favor daquelas que acadasen as maiores puntuacións.

Publicada a referida lista as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de dous días hábiles dende tal publicación.

O resto dos candidatos que tiveran superado o proceso selectivo formarán parte dunha lista ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de posibles substitucións ou renuncias das persoas propostas ou, no seu caso, contratadas para este programa, sendo chamadas, nese caso, aquelas que acadasen as maiores puntuacións, sempre e cando reúnan nese momento os requisitos esixidos nestas bases.

En caso de empate entre os candidatos presentados terá preferencia a persoa que teña máis puntuación no apartado de experiencia profesional.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegarán a seguinte documentación:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- b) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa contratación.
- c) Certificado médico acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

11ª.- Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Neda, con sede na Avda. de Algeciras, nº. 34, onde as persoas interesadas poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición, dirixindo á Alcaldía solicitude asinada por escrito acompañado dunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, as persoas aspirantes manifestan o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección da lista de espera. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.”

12ª.- Impugnación.

Contra as presentes bases poderase interpoñer polas persoas interesadas os seguintes recursos:

Recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa notificación ou publicación.

Tamén poderá interpoñerse alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, de conformidade co establecido nos artigos 48, 109.c) e 107.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e os artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

Se o interesado optase pola interposición do recurso de reposición non poderá acudir á vía contencioso-administrativa ata que lle sexa notificada a resolución do recurso ou transcorrese un mes desde a súa interposición, data en que poderá entenderse desestimado por silencio administrativo.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do órgano de selección, poderanse interpoñer polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

Neda, 27 de xuño de 2015.

O ALCALDE,